



PRESENTACIÓN DA XUSTIFICACIÓN FINAL

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA QUE

De conformidade co que establece o artigo 19.5 da orde de convocatoria pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, presenta a xustificación final do proxecto:

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- Certificación da persoa que posúa a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos para o fin destinado.
- Informe final de execución sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinada pola persoa responsable da xestión técnico- económica do proxecto en Galicia.
- Avaliación externa obrigatoria ao final da intervención e requirida polas bases desta convocatoria no caso dos proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior que recibisen unha subvención superior a 90.000 euros, así como outras non obrigatorias que se recollan no documento de formulación que se xunta coa solicitude de subvención.
- Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, distribuída por partidas orzamentarias e na cal se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada pola persoa que posúa a representación legal da entidade beneficiaria.
- Certificado de custos indirectos, asinado pola persoa que posúa a representación legal en Galicia da entidade beneficiaria.
- Declaración responsable do representante legal da entidade (no caso de agrupación de entidades, de cada unha delas), complementaria e actualizada, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o proxecto subvencionado, segundo o modelo que figura como anexo II.
- Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor destas, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.
- Para os proxectos cunha subvención igual ou inferior a 50.000 euros, deberán presentar a totalidade das facturas ou documentos xustificativos dos gastos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Para os proxectos cunha subvención superior a 50.000 euros e para os proxectos executados por entidades que posúan ánimo de lucro, e opcional no caso de subvencións por importe igual o inferior a 50.000 euros, deberán presentar Informe do/a auditor/a de contas, que deberá estar inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) no caso de ser realizada por persoal sometido á lexislación española.
- No caso dos proxectos presentados polas universidades e no caso de proxectos executados por unha agrupación de entidades na que participen as universidades e conforme co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación económica, da parte executada directamente pola universidade, consistirá nunha certificación de gastos da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Ás axencias ou organismos internacionais das Nacións Unidas exixiránelles como xustificación económica os documentos acreditativos das transferencias realizadas, así como o control contable que lles é específico e sempre conforme ao funcionamento establecido polos Estados parte para as distintas Nacións Unidas.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_